

## GIULIO MERCATI

Nado en Saronno (Italia), aos seis anos comezou no mundo da música da man de seu avó, o mestre Lamberto Torrebruno, membro dunha importante familia de músicos. Perfeccionouse logo no órgano, na composición e no clavicémbalo, con músicos do calibre de Luigi Toja, Jean Boyer, Olivier Latry ou Bruno Bettinelli. Músico versátil, é concertista moi solicitado, activo e apreciado internacionalmente: como solista ó órgano e ó clavicémbalo ten actuado en máis de vinte países de todo o mundo, exhibíndose nas Catedrais máis importantes e nas salas de concertos máis prestixiosas: dende a Catedral de St. Patrick en Nova York ó Gran Salón da Filarmónica de San Petersburgo. Tamén actúa de forma regular como continuísta en importantes formacións: digna de mención particular é a colaboración coa Orquestra da Suiza Italiana, xunto a cal traballou con directores como Alain Lombard, Vladimir Ashkenazy, Iuraj Valcuha, Alexander Vedernikov, Heinz Holliger, Hubert Soudant, Howard Griffiths, Markus Poschner, Pablo González e moitos outros. Exhíbese regularmente en dúo co coñecido pianista Vovka Ashkenazy, primoxénito do grande Vladimir Ashkenazy.

Ten gravado para RTSI, Bottega Discantica e Tactus. É organista titular da Basílica Prepositural de San Vincenzo in Prato en Milán, na Igrexa de S. María degli Angioli en Lugano e no Santuario da Beata Vergine dei Miracoli en Saronno. É un compositor activo principalmente no campo do órgano e da música coral. En 1996 graduouse con honores en Filosofía na Universidade Católica do Sacro Cuore de Milán, cunha tese sobre estética musical. Apreciado musicólogo e conferenciante moi traballador: a súa publicación máis extensa é un ensaio musicolóxico titulado "Bruno Bettinelli: a viaxe dun músico"; adicado á figura e á obra do compositor milanés Bruno Bettinelli, en relación ás conclusións máis recentes das correntes filosóficas hermenéuticas. En 2018 publicou un amplo artigo na *Rivista teologica di Lugano*, titulado «Nacemento, evolución e uso do Kirchenlied: entre o modelo católico e as esixencias do canto comunitario». É director artístico de prestixiosos festivais internacionais en Italia, Suiza e España, dos cales é ademais o creador. É profesor de Música Sagrada na Facultade de Teoloxía de Lugano.

Unha das ilusións de Giulio Mercati é que se puidese restaurar o órgano da epístola da Catedral de Lugo. Para concienciar sobre a necesidade de intervención sobre o devandito instrumento é polo durante 2019 e 2020 dará varios concertos na basílica lucense.



# ÓRGANO DA EPÍSTOLA DA CATEDRAL

O actual órgano da Epístola da Catedral de Lugo substitúe ó anterior barroco, construído tamén a comezos do século XVIII por José de Arteaga. Numerosos defectos construtivos e a falta de mantemento fixeron que o actual instrumento caese en desuso a finais do século XVIII. O actual foi construído polo franciscano Frei Manuel Fernández coa axuda dun artesán local, José Sal.

É un órgano único no mundo polo complicadísimo sistema de transmisión pneumático-tubular de invención orixinal e pola disposición horizontal de todos os tubos agás os do rexistro Octava de Fachada. A consola é de pupitre, exenta do moble. Consta de dous teclados de 56 notas e unha pedaleira de 27. Posúe un pedal de crescendo, P-I, I-II, Expresión, Unión de teclados e Unión de oitavas no primeiro teclado. 2097 tubos.

A caixa é de madeira sen policromía. O basamento está provisto de persianas de expresión.

Unha recente intervención permitiu interromper o proceso de degradación deste extraordinario instrumento.

